



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
XUNTANZA ORDINARIA 20 DE DECEMBRO DE 2012

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación da acta anterior**
- 2.- **Xestións para a adquisición dos terreos próximos ao Colexio de Cesantes**
- 3.- **Actuacións Rede Natura na parroquia do Viso**
- 4.- **Xestións sobre o requerimento á Deputación Provincial para a realización de actuacións na zona da Teixeira**
- 5.- **Cronograma sobre as actuacións na parroquia do Viso sobre alumeado**
- 6.- **Solicitud a ADIF de proteccións**
- 7.- **Solución do problema da poza na boca do túnel**
- 8.- **Inclusión nos orzamentos do 2013 do asfaltado do Camiño de Baldramón xunto con obras de saneamento**
- 9.- **Conservación do Monte da Peneda**
- 10.- **Investimento do 1% cultural na parroquia do Viso**
- 11.- **Instalación de paneis informativos**
- 12.- **Colocación de espellos no cruce do Loureiro, no Camiño Xacobeo e no Barrio do Escredo**
- 13.- **Mantemento de parques infantís**
- 14.- **Solicitud de prohibición de paso de vehículos pesados e control de velocidade na estrada provincial**
- 15.- **Cronograma do saneamento**
- 16.- **Solicitud de inclusión nos orzamentos do ano 2013 da restauración e acondicionamento do Palco da Música**
- 17.- **Solicitud da comunicación oficial do trazado da A – 59**
- 18.- **Análises das fontes**
- 19.- **Ampliación do Camiño da Ganga**
- 20.- **Ludotecas**
- 21.- **Solicitud da documentación correspondente aos temas que se traten no Consello Parroquial**
- 22.- **Solicitar a Fomento a limpeza da área de descanso de Soutoxuste**
- 23.- **Solicitar a Fomento a limpeza da boca sur do túnel**
- 24.- **Varios**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día vinte de decembro de dous mil doce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais



## CONCELLO DE REDONDELA

- Ana Pazos Castellano, representante das asociacións veciñais
- Pilar Bouzas Novas, representante das asociacións veciñais
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións veciñais
- Álvaro Cabaleiro Durán, representante das comunidades de montes
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Víctor Manuel Romero Fernández, representante das asociacións deportivas
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas
- José Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

### **1.- Aprobación da acta anterior**

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial de data 23.08.2012 que queda aprobada pola unanimidade das/os membros asistentes.

### **2.- Xestións para a adquisición dos terreos próximos ao Colexio de Cesantes**

O Presidente informa que tivo lugar unha xuntanza coa directora do colexio e coa ANPA e se falou cos técnicos do Concello, aínda non se falou cos propietarios porque antes quería tratar a parte técnica do Concello. Mandóuselle un escrito á Deputación por uns terreos, por se non se chega a ningún acordo coa veciñanza para a cesión ou venda.

Xosé Covelo Míguez di que na anterior xuntanza do Consello se dixeron as mesmas cuestións polo que non houbo ningún avance. O Presidente resposta que a novidade foi a celebración desa xuntanza coa directora e a ANPA.

Leonardo Cabaleiro Couñago informa que se están iniciando as conversas para os orzamentos do 2013 e a Concelleira de Facenda di que non sabe nada deste asunto e non existe partida orzamentaria para realizar ningunha expropiación, polo que para o próximo Consello parroquial desexaría saber con cargo a que partida orzamentaria se van a adquirir os terreos.



## CONCELLO DE REDONDELA

José Bernardo Crespo Abal informa que poderían ir con cargo aos orzamentos participativos ao que Leonardo Cabaleiro Couñago manifesta a súa conformidade.

Anxo Lusquiños López manifesta a súa decepción porque respecto a este tema sempre se están a dicir as mesmas cousas que nos anteriores consellos parroquiais e que a prioridade é arranxar o problema.

O Presidente di que a prioridade era a estrada e regular a velocidade, que xa está feito. Neste momento estase a intentar involucrar a Educación.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que non é competencia de Educación adquirir terreos para o Concello, que isto é unha competencia municipal.

José Manuel Campelos Mariño pregunta se no Consello Parroquial de Cesantes non se tratou este tema, xa que é o principal problema das dúas parroquias. O Presidente informa que aínda non se constituíu o Consello Parroquial de Cesantes.

Leonardo Cabaleiro Couñago informa que o seu grupo político levou un rogo ao Pleno do Concello para que se constituíra o Consello Parroquial de Cesantes, xa que hai temas conxuntos a tratar coa parroquia do Viso.

### **3.- Actuacións Rede Natura na parroquia do Viso**

O Presidente entrega aos membros do Consello Parroquial o proxecto para a Rede Natura.

Álvaro Cabaleiro Durán informa que se trata dun proxecto de restauración de dunas, desbroce de camiños, acceso a fincas, sendeiros que están sen especificar e recuperación de especies exóticas. A Comunidade de Montes solicitou que o Concelleiro de Medio Ambiente e o Técnico que fixo o proxecto expliquen o seu contido.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o seu grupo político non tiña coñecemento deste proxecto, pero que se se está a contemplar a realización dun plan urbanístico sería necesario informar destes proxectos e solicita unha copia do proxecto para o seu grupo municipal.

Fernando Veiga Estévez di que estas axudas se pediron para O Viso porque antes só ías para Cesantes e Chapela, xa que estaban destinadas a zonas costeiras e como Soutoxuste ten zona costeira por isto se instou ao Concello a solicitala para O Viso.

Xosé Covelo Míguez di que se vai vir o técnico a explicar o proxecto sería interesante que tamén se contactara coa asociación de veciños de Soutoxuste.



CONCELLO DE REDONDELA

#### **4.- Xestións sobre o requerimento á Deputación Provincial para a realización de actuacións na zona da Teixeira**

O Presidente informa que hai vinte días houbo unha xuntanza con Juanatei e ían empezar coa obra. Construiríanse beirarrúas, un paso de peóns elevado antes do cruce para que os vehículos reduzan a velocidade e vaise facer o tramo do colexio.

Xosé Covelo Míguez di que hai que seguir insistindo para que se faga toda a estrada ata o alto.

Manuel Freire Collazo solicita a regularización do cruce e se pinte a estrada para que se saiba por onde se ten que circular na saída do Campo de Fútbol. Esta proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Víctor Manuel Romero Fernández pregunta se non se pode poñer liña discontinua na zona vella do colexio. O Presidente di que a Policía Local dera paso nalgunha ocasión. Falouse con Fomento pero por proximidade de curvas e cruce non se pode poñer discontinua e a Policía Local.

#### **5.- Cronograma sobre as actuacións na parroquia do Viso sobre alumeado**

O Presidente informa que o equipo de goberno non se pode comprometer a asfaltar todos os camiños. O prioritario vai ser o saneamento e se se pode asfaltar e poñer alumeado nalgún camiño traerase ao Consello Parroquial para ver cal resulta máis necesario.

Xosé Covelo Míguez di que só se pedía un cronograma e que o Concello debe facelo.

O Presidente di que cando se saiba que orzamento vai para O Viso consultarase as prioridades de actuación no Consello Parroquial.

Leonardo Cabaleiro Couñago informa que o PSOE pediulle un cronograma ao Concelleiro de Vías e Obras e respostou que non o tiña, pero que se atenderán as urxencias. Á vista disto o grupo socialista entende que existe unha improvisación por parte do Concello. O problema que se ve nos orzamentos é que non destinan nada para a conservación dos camiños, por iso o grupo socialista está en contra deles. Así tamén ocorre coas obras de saneamento nas que o Concelleiro de Medio Ambiente tampouco ten cronograma de actuacións e non se establecen prioridades. Por exemplo a veciñanza do Cadaval quere saber cando se vai a facer o saneamento.



## CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez di que os orzamentos xa deberían estar encauzados e ter previsto o que se vai a gastar na parroquia do Viso no ano 2013 en asfaltado, saneamento e alumeadado.

O Presidente di que por exemplo na súa concellería que é a de Deportes non hai un orzamento para cada parroquia senon un xeral para todo o Concello de Redondela, no momento que se aproben os orzamentos decidírase o destino de cara ás diferentes parroquias.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que se entrará no ano 2013 cos orzamentos prorrogados e con isto non haberá inversión.

### **6.- Solicitud a ADIF de proteccions**

O Presidente informa que se lle presentou un dossier a ADIF e se mantiveron xuntanzas con eles onde se lle pedía a colocación de vallas e proteccions, que retirara a manguera que segue sacando auga da poza do túnel, manifestando que irían arranxando estes problemas pouco a pouco.

Xosé Covelo Míguez di que o dossier debería terse traído ao Consello Parroquial.

### **7.- Solución do problema da poza na boca do túnel**

O Presidente informa que xa se introduxo esta cuestión no dossier que se lle entregou a ADIF.

Manuel Freire Collazo di que aínda non quitaron a manguera.

### **8.- Inclusión nos orzamentos do 2013 do asfaltado do Camiño de Baldramón xunto con obras de saneamento**

O Presidente informa que non se comprometen sen saber como van a acabar os orzamentos. Cando se decida facer algo traerase ao Consello Parroquial .

Leonardo Cabaleiro Couñago informa que este camiño o levaba o seu grupo municipal no programa e tamén o camiño da Mina e que o compromiso da realización deste camiño vai ser un punto condicionante para que o seu grupo municipal aprobe os orzamentos.

### **9.- Conservación do Monte da Peneda**



## CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que se tratou o tema cos técnicos do Concello e se vai tratar o asunto coa Comunidade de Montes no mes de xaneiro.

### **10.- Investimento do 1% cultural na parroquia do Viso**

O Presidente informa que neste intre o tema está bloqueado e cando se solicite falarase no Consello Parroquial para determinar os posibles investimentos da parte que lle corresponden á parroquia do Viso.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o investimento ten que realizarse en BIC, que son bens de interés cultural os cales deben cumprir cuns requisitos.

Manuel Freire Collazo di que o maior dano da infraestrutura está na parroquia do Viso e que os cartos destinados este investimento deben realizarse maioritariamente nesta parroquia.

Xosé Covelo Míguez pregunta se o Concello se compromete a traer o investimento aos puntos BIC das parroquias afectadas ou só nun punto concreto como pode ser a ponte de ferro.

### **11.- Instalación de paneis informativos**

O Presidente di de que se realice unha lista de puntos por orde de preferencia e o Concello colocará dependendo desta orde.

Manuel Freire Collazo di que mellor o Concello diga cantos paneis vai traer para O Viso e logo xa os repartirán os veciños.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta con cargo a que partida vai a ir o gasto. O Presidente di que á de Parques e Xardíns.

### **12.- Colocación de espellos no cruce do Loureiro, no Camiño Xacobeo e no Barrio do Escredo**

Manuel Freire Collazo informa que se colocou un antes do Escredo, pero non os que se pediron dende o Consello Parroquial.

### **13.- Mantemento de parques infantís**

O Presidente di que os parques do Viso non merece a pena totalos e no 2013 vai intentar cambiar un como se fixo no do Loureiro, en lugar de reparar arranxar un.



## CONCELLO DE REDONDELA

Pilar Bouzas Novas di que se hai algo estropeado debería chamarse para que o reparen (como puntas).

Manuel Freire Collazo di que se acordara nun Consello Parroquial que na parroquia do Viso arranxábase un parque e facíase o mantemento dos demais porque non había cartos.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que aos tres meses aparecen 20.000 euros para o parque do centro de Redondela, o cal recoñece que está ben, pero que é necesario facer un mantemento de todos, xa que hai elementos que presentan perigo.

Ana Pazos Castellano di que os parques non están arranxados e todos teñen elementos rotos que presentan perigo.

O Presidente di que se investiu en Redondela debido á cantidade de nenos que utilizan o parque e no Viso fíxose a actuación que lle correspondía como parroquia.

Xosé Covelo Míguez di que a Concelleira de Parques e Xardíns non pode establecer o non arranxar os parques, porque o mantemento é unha cuestión de responsabilidade e non se pode evitar.

Manuel Freire Collazo pregunta porque apareceron eses 20.000 euros para o parque de Redondela cando no Consello Parroquial do Viso díxose que non había máis cartos. O Presidente informa que se esgotara o orzamento para esta parroquia.

Leonardo Cabaleiro Couñago informa que na partida de Parques e Xardíns figuraban sobre 15.000 euros. No parque de Redondela o Concello gastou 20.000 euros, pero valeu 60.000 euros, pagando a outra parte a Deputación.

Ana Pazos Castellano di que resulta máis importante o mantemento, porque se non se fai ata os parques novos se deterioran.

Xosé Covelo Míguez di que outra opción sería non facer ningún novo e destinar os cartos a manter todos os que xa existen.

Anxo Lusquiños López que o do Loureiro se fixo, pero que non se debe descoidar o mantemento.

### **14.- Solicitud de prohibición de paso de vehículos pesados e control de velocidade na estrada provincial**

O Presidente informa que se solicitou a prohibición do paso de vehículos pesados á Deputación e a Policía Local realiza controis do paso dos camións.



## CONCELLO DE REDONDELA

Neste intre xa non pasan camións para as obras do AVE os que actualmente circulan son os que transportan madeira.

Soledad Vidal Dasilva di que na parte da estrada que está no Concello de Soutomaior hai un sinal que prohibe a circulación deste tipo de vehículos e se non se podería coordinar entre os dous concellos un control para evitar o seu paso, xa que non ten sentido que pasen polo Viso se non poden circular por Soutomaior.

### **15.- Cronograma do saneamento**

O Presidente informa que se está realizando un inventario.

Pilar Bouzas Novas pregunta pola situación do saneamento de Soutoxuste.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o problema é Aqualia, xa que xustifica a subida das taxas pola depuradora de Soutoxuste o que non se entende porque os veciños pagan o engancho e máis o custe.

### **16.- Solicitude de inclusión nos orzamentos do ano 2013 da restauración e acondicionamento do Palco da Música**

O Presidente di que este asunto mirarase máis adiante.

### **17.- Solicitude da comunicación oficial do trazado da A – 59**

O Presidente informa que o Alcalde tivo tres xuntanzas con Ana Pastor nas que lle informou que todo está paralizado, pero todavía non hai comunicación escrita en canto existe traerose ao Consello Parroquial.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que está paralizado por falta de orzamento e que segue pensando que é beneficiosa para Redondela.

Manuel Freire Collazo di que o que ten valor é o documento escrito non o que sale pola prensa.

Xosé Covelo Míguez pregunta se o Alcalde pediu oficialmente que a resposta a dean por escrito. O Presidente informa que Ana Pastor dixo que a A 59 non se ía facer.

O Consello Parroquial por unanimidade das/os membros presentes piden que o Alcalde solicite por escrito a comunicación da anulación do trazado e os plans ao respecto.

### **18.- Análises das fontes**





## CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que xa hai unha empresa que se está a encargar das análises das fontes do Concello que aínda non chegou ao Viso, pero que para o próximo Consello Parroquial xa estará feito e se traerán os resultados para poñer nas parroquias.

### **19.- Ampliación do Camiño da Ganga**

Manuel Freire Collazo informa que hai anos cando existían os Alcaldes de barrio fixérase un trozo do camiño, pero unha veciña non deixou rematar o traballo.

O Presidente di que intentará mediar coa veciña para conseguir rematar os metros que restan.

### **20.- Ludotecas**

O Presidente di que falou coa Concelleira de Servizos Sociais e que ésta organiza as Ludotecas según os orzamentos que ten e os que lle presentan as diferentes empresas. As ludotecas de verán faranse durante dous meses.

Anxo Lusquiños López di que se a cuestión son os cartos que é preferible facer menos horas diarias e que a actividade dure dous meses. En canto á ludoteca de Nadal fíxose en Redondela, Chapela, Ventosela, Vilar e Cesantes, pero non no Viso e é unha inxustiza. Quere saber o criterio polo que se elixiron estas parroquias.

Xosé Covelo Míguez tamén se suma á pregunta feita por Anxo e solicitan ámbolos dous que no vindeiro Consello Parroquial se expliquen os criterios polos que se elixiron esas parroquias para as ludotecas.

### **21.- Solicitud de documentación correspondente aos temas que se traten no Consello Parroquial**

O Presidente di que non é conveniente andar coa documentación oficial fóra do Concello e ten que existir confianza xa que ao Consello se ven a informar e se levanta acta do que se decide, polo que se alguén quere ver algún documento concreto non ten máis que solicitalo no Concello.

Xosé Covelo Míguez di que este é un órgano e os órganos móvense con documentos e a súa obriga como representante veciñal é informar despois aos seus asociados e non se deberían alegar cuestións de confianza.

O Presidente informa que a decisión de non traer a documentación do Concello a tomou él, ademais traer toda a documentación é un gasto de papel inútil e se alguén necesita algo o ten que solicitar.



## CONCELLO DE REDONDELA

Anxo Lusquiños López di que os temas que se traten no Consello Parroquial deben ir para adiante, e que se pediu unha xuntanza co Alcalde, o que xustifica que o Consello Parroquial non está funcionando ben.

Xosé Covelo Míguez e Manuel Freire Collazo din que se fixeron avances, pero que o que queren transmitir na xuntanza co Alcalde é que se tomen en serio as decisións sprobadas no Consello Parroquial.

### **22.- Solicitar a Fomento a limpeza da área de descanso de Soutoxuste**

O Presidente informa que está limpa e que tamén está solicitada a iluminación.

### **23.- Solicitar a Fomento a limpeza da boca sur do túnel**

O Presidente informa que está no dossier que se lle enviou a ADIF.

### **24.- Varios**

Xosé Covelo Míguez propón que sería oportuno publicar as actas aprobadas na páxina web do Concello. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Xosé Covelo Míguez propón enviar a acta a todas/os as/os concelleiras/os e levar os acordos do Consello Parroquial ao Pleno do Concello. Leonardo Cabaleiro Couñago di que sería mellor enviarlla só aos portavoces.

José Bernardo Crespo Abal di que se poden levar pero en forma de moción.

Xosé Covelo Míguez pregunta pola charala sobre Casto Sampedro que non se trouxo ao Viso e o Presidente di que se está a tratar a posibilidade de traela.

José Manuel Campelos Mariño di que no tramo da estrada onde se fixo a entrada para o túnel do AVE se pode facer unha estrada para dar saída á veciñanza da Nogueira.

Manuel Freire Collazo informa que xa se falara co anterior equipo de goberno e a veciñanza tiña que ceder un pouco de terreo e todos estaban de acordo, pero ao final non se fixo nada.

Por unanimidade das/os membros presentes acórdase pedir ao Concello que solicite a ADIF a realización das saída do vial do acceso ao túnel na saída da Nogueira.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e tres horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento,



CONCELLO DE REDONDELA

en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.